

Boas

Tanto o Consello Reitor como as traballadoras da cooperativa coinciden na necesidade de contratar unha nova traballadora para a tenda. As razóns fundamentais que xustifican a decisión son o incremento da actividade na tenda e a reflexión en marcha sobre a reorganización do traballo.

Enviámosvos esta información por se estiverades interesadas, pero tamén para que llo fagades chegar as persoas que coñezades, e que puideran ter interese e encaixar co perfil proposto. Por tanto non é unha convocatoria pechada a socias.

Consumo Consciente Árbore, Soc. Coop. Galega convoca as interesadas en participar no proceso de selección para ocupar o seguinte posto de traballo:

POSTO: Dependenta de tenda. Funcións xerais: Preparación para apertura e peche de tenda, atención e cobro a clientas e socias, reposición e recepción de pedidos e outras tarefas relacionadas.

CONDICIÓNS: Segundo o convenio do sector, contrato a tempo parcial de 15horas/semana.

HORARIO: A concretar.

DESCRIPCIÓN DO POSTO, e puntos a valorar no proceso de selección:

- As tarefas de carga e descarga requiren de esforzo físico.
- Precísase un dominio informático a nivel usuaria para usar as distintas ferramentas informáticas coas que se traballa habitualmente.
- Na toma de decisións é habitual a participación de varias persoas e incluso órganos da cooperativa, polo que é importante a disposición a traballar en equipo e buscar consensos.
- É un posto moi ligado á atención ao público, polo que hai unha interacción constante con socias e clientas da cooperativa.

Valoraranse tamén:

- Experiencia na utilización de programas informáticos de xestión e/ou bases de datos.
- Estudos e/ou experiencia no sector da alimentación, comercio e consumo responsable.
- Poderanse ter en conta outro tipo de competencias que se consideren útiles de acordo coas funcións a desempeñar.

*As/os interesados deberán entregar o seu currículo **ata o luns 25 de Abril (incluído)**. Preferiblemente no correo info@arbore.org, pero tamén se poderá entregar na tenda da cooperativa.

*Os currículos entregados quedaran baixo a aplicación da Lei orgánica de protección de datos.

*A comisión nomeada ao efecto polo Consello Reitor examinará os currículos e citará para unha entrevista para os que se consideren cumpran mellor os requisitos. Comunicarase ás candidatas se seguen adiante co procedemento de selección ou non.

*Para máis información podedes contactar connosco no correo info@arbore.org (preferiblemente) ou teléfono 986233497.

Un saúdo

A Comisión temporal de contratación